



Venres 27 de outubro ás 21:00 h

COMEDIA DESTINADA A PÚBLICO FAMILIAR. A partir de 9 anos

CASA DA CULTURA "RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ"

Organiza: Concellería de Cultura do Concello de Boiro e Agadic

TEATRO DEL ANDAMIO REPRESENTARÁ "O FERRO"

- Esta é a historia dun matrimonio que leva 14 anos xuntos. Luís, é un administrativo, que traballa nun banco. Rosa, é unha ama de casa que comezou estudar administración de empresas, pero antes de rematar quedou embarazada e tivo que deixar a carreira. Ademais, durante os últimos cinco anos tivo que coidar da súa sogra, enferma de alzheimer. Luís e Rosa Teñen unha filla, de quince anos estudando no estranxeiro, unha hipoteca e un coche. Marta, está en Irlanda de intercambio durante o curso para aprender inglés. Falan cada tarde por Skype. Nada especial, todo como en calquera familia normal, en calquera cidade de España.

Pero hoxe, a vida de Rosa vai sufrir un revés e todo vai cambiar para sempre. Hoxe pásalle o ferro a un pantalón do seu marido, e atopa algo no peto: un papeliño "centrifugado" pola lavadora... Que lle oculta a persoa coa que vive dende fai 14 años? quen é agora esa persoa?

Rosa loita entre un terrible medo a enfrontarse á verdade e as fortes ganas de saber... pero cal poderá máis?.

Toda unha historia de vida en clave de humor.

Comedia destinada a público familiar, recomendada a partir de 9 anos.

